



## **BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O INICIO DO CURSO ESCOLAR PARA ALUMNAS/OS DE SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA, EMPADROADOS NO CONCELLO DE VIMIANZO, QUE CURSEN OS DITOS ESTUDOS EN CENTROS PÚBLICOS E QUE PERTENZAN A FAMILIAS DESFAVORECIDAS ECONOMICAMENTE, CON RENTAS PER CÁPITA POR DEBAIXO DO IPREM**

### **1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS**

O obxecto da convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar aquelas familias que, polas súas condicións económicas, teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados do inicio do curso escolar nas seguintes etapas e ciclos educativos: segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias vimiancesas para a adquisición de libros de texto, material escolar, así como roupa e zapatos necesarios para as alumnas e alumnos matriculados en centros escolares públicos durante o curso escolar 2016-2017, que cursen os estudos correspondentes ás etapas e ciclos educativos antes mencionados. As familias ás que vai dirixida esta convocatoria son aquelas onde a renda per cápita dos seus membros está por debaixo do IPREM de 2016 (17,75 € por día ou, o equivalente, 6 390,13 € por ano).

Trátase de promover unha política de benestar social que contribúa a paliar os efectos da crise, as diferenzas sociais, os riscos de exclusión social e que favoreza a integración dos nenos e nenas no sistema educativo.

### **2. PERSOAS BENEFICIARIAS**

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou tutores/as das alumnas e alumnos que reúnan os seguintes requisitos, agás traballadores municipais que gocen das axudas sociais previstas no convenio:

- a) As nenas e nenos beneficiarios deben estar empadroados no Concello de Vimianzo dende antes do 1 de setembro de 2016.
- b) As alumnas e os alumnos para os que se solicitan as axudas deben estar cursando estudos nos ciclos educativos e nas etapas seguintes: segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria, estando matriculados nun centro público no curso 2016-2017.
- c) Non superar os ingresos económicos fixados no baremo destas bases (expresado no punto 3º referente aos criterios de valoración).
- d) Non ser a persoa solicitante debedora da Facenda municipal.
- e) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Vimianzo.
- f) Non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As axudas concedidas para o mesmo fin por outra administración son compatibles coa que agora concede o Concello de Vimianzo, sempre e cando a contía total das axudas non supere o importe total gastado polo alumno ou alumna para este fin.



As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Vimianzo:

- a) Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros, material escolar, e roupa ou zapatos para o inicio do curso no que se acredite a matriculación. Este gasto debe de estar feito despois do 1 de xullo de 2016.
- b) Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello nas ditas actuacións.
- c) Comunicarlle ao Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

### **3. CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Para proceder á adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo:

- a) Concederase unha axuda por alumno/a dos seguintes importes segundo o tramo de ingresos.
  - 1) Renda per cápita familiar inferior ao 50% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples). Neste caso, subvencionarase con 100 € para cada alumna ou alumno beneficiario.
  - 2) Renda per cápita familiar superior ou igual ao 50% e menor que o 75% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples). Neste caso, subvencionarase con 75 € para cada alumna ou alumno beneficiario.
  - 3) Renda per cápita familiar superior ou igual ao 75% do IPREM e menor ao 100% do IPREM. Neste caso subvencionarase con 50 € para cada alumna ou alumno beneficiario.

A contía anual do IPREM para o ano 2016 é de 6 390,13 € (para 12 meses) segundo a Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2015 (BOE n.º 315 do 30 de decembro de 2014).

No suposto de que unha vez efectuada a avaliación das solicitudes se supere o límite máximo da subvención (20 000 €), estudarase a posibilidade de incrementar o crédito.

#### **a) RENDA PER CÁPITA FAMILIAR**

Enténdese por renda per cápita familiar a suma da renda familiar bruta dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.

Para os resultados do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

Nesta convocatoria terase en conta o último exercicio fiscal para determinar a renda per cápita familiar dos solicitantes.

#### **b) DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR**

Para os efectos destas axudas, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección da/o menor.

Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, titor/a do alumna/o, sempre que convivan no domicilio familiar, así como os irmáns menores de idade da/o alumna/o ou os maiores de idade que dependan economicamente dos seus pais ou titores.

Para estes efectos, considérase o domicilio familiar das nenas ou nenos beneficiarios o que figura no padrón de habitantes.



#### **4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS**

A aplicación orzamentaria á que se lle imputarán estas axudas é a 231 489,00, cun crédito máximo aprobado de vinte mil euros (20 000 €), que poderá ser ampliado para atender todas as solicitudes que se presenten e teñan dereito a unha axuda.

#### **5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA**

As solicitudes formularanse mediante instancia subscribida pola persoa interesada (pai/nai/titor/a legal) segundo o modelo específico para iso. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan nela ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
- 2) Libro de familia.
- 3) En supostos de adopción ou acollemento, documentación compulsada acreditativa.
- 4) Autorización ao concello para obter da Axencia Tributaria os datos de nivel de renda.
- 5) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.
- 6) Certificado da conta bancaria do pai/nai ou titor/a do alumno/a para o que se solicita a axuda.
- 7) Declaración da percepción doutras axudas percibidas para o mesmo fin.
- 8) Acreditación dun Centro Público de Ensino da matrícula do alumno/a no curso escolar 2016/2017.
- 9) Declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda.
- 10) Declaración responsable de non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa Seguridade Social.

#### **6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral da Casa do Concello en Vimianzo.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto 20 días naturais que comezarán a contar dende o día seguinte á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

#### **7. PUBLICIDADE**

Unha vez aprobadas as bases, estarán vixentes dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, cuxo texto completo poderá consultarse na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>). Tamén serán publicadas no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal ([www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)) e mediante bandos de Alcaldía en lugares que garantan o seu coñecemento por parte das persoas interesadas.



## **8. PROCEDEMENTO**

### **a) INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR**

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a xefa do Departamento de Benestar Social, ou persoa en quen delegue. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal das/os solicitantes para a concesión das axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polas/os interesadas/os, ou se non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, notificaráselles a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou en caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

### **b) COMISIÓN AVALIADORA**

A Comisión Avaliadora estará composta polo alcalde, a concelleira de Benestar Social, o xefe da Área Económica e a secretaria, ou persoas nas que deleguen. A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión ao alcalde-presidente, a través do órgano instrutor, na que se concretará individualmente para cada beneficiaria/o o resultado da avaliación realizada.

### **c) RESOLUCIÓN**

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno local, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo dun mes, que comezará a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2016, e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

A modificación de calquera das circunstancias que se tivesen en conta para a súa concesión, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

## **9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación das facturas orixinais ou de fotocopias compulsadas dunha cantidade, cando menos, igual ao importe da subvención concedida. O prazo para presentar a xustificación da realización do gasto será de dez días naturais a partir da recepción da notificación de concesión, e sempre antes do remate do ano. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Benestar Social, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material para o que se solicita a axuda. Se no momento da solicitude xa foi efectuado o gasto, entenderase a xustificación xa efectuada.



Terán a consideración de casos especiais aqueles que, por razón de necesidade, precariedade ou urxencia, se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social ou da educadora familiar do Concello, co visto e praxe da concelleira de Benestar Social.

#### **10. INCUMPRIMENTOS DAS OBRIGAS POR PARTE DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS**

Se as persoas beneficiarias das axudas non cumprisen coas obrigas establecidas no punto segundo destas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ao igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non cumpren os requisitos para seren beneficiarios/as de subvencións .

No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior ao importe da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado.

Vimianzo, 14 de setembro de 2016

O alcalde

Manuel Antelo Pazos